

Concello de Covelo

Expte. n.º: 1.281/2025

D. JACOBO MANUEL RAYÓN CEDEIRA, Secretario-Interventor no Concello de Covelo (provincia de Pontevedra),

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día cinco de novembro de dous mil vinte e cinco, adoptou, entre outros, o acordo que deseguido se transcribe na súa literalidade, coas reservas que resulten da aprobación definitiva da acta:

“

8º.- Expediente 1281/2025. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO ALTO TEA COVELO NATURAL.

Vista a solicitude presentada o 28 de outubro de 2025 (Rexistro de entrada nº 2025-E-RE-1.602) de axuda económica presentada por D. José Manuel Castillo Amigo con D.N.I. nº [REDACTED], en calidade de representante legal da Asociación para o Desenvolvemento do Alto Tea Covelo Natural con CIF nº G-36.372.027, completada o 29 de outubro de 2025 (Rexistro de entrada nº 2025-E-RE-1.605), na que solicita unha subvención total por importe de cincocentos euros (500,00 €) para obradoiros de micogastronomía das XXXI xornadas micolóxicas Covelo (Expte. nº 1.281/2025).

Visto que entre os obxectivos do Concello atópase o de promover actividades culturais e de promoción do patrimonio.

Tendo en conta que na base 56ª das bases de execución do orzamento do exercicio 2025, recóllese unha subvención nominativa a favor do Asociación para o Desenvolvemento do Alto Tea Covelo Natural.

Vista a existencia de crédito na partida orzamentaria 334.48 no citado orzamento.

Prevía deliberación a Xunta de Goberno Local, de conformidade co último parágrafo da base 56ª das bases de execución do orzamento do exercicio 2025, por unanimidade dos seus membros presentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Conceder á Asociación para o Desenvolvemento do Alto Tea Covelo Natural con CIF nº G-36.372.027 unha subvención nominativa polo importe de cincocentos euros (500,00 €), para a celebración de obradoiros de micogastronomía das XXXI xornadas micolóxicas Covelo, e aprobar o gasto correspondente na partida 334.48 do orzamento vixente pola mesma cantidade, por estar previsto na base 56ª das de execución do orzamento xeral do Concello para o exercicio 2025.

Segundo.- Proceder a asinar o convenio de colaboración entre o Concello de Covelo e a Asociación para o Desenvolvemento do Alto Tea Covelo Natural de conformidade co previsto no artigo 28 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Terceiro.-Notificar o presente acordo ao interesado.....”.

E para que conste e para os efectos oportunos, expido a presente certificación, co visto e praxe



Concello de Covelo

do Sr. Alcalde, D. Juan Pablo Castillo Amigo, en Covelo, na data da sinatura electrónica.

O secretario-interventor

Vº e Prace
O alcalde

